Documento 2 de 5.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.385.205, Fecha de emisión de la firma: 7/12/15 13:39
Código de integridad (alg. SHA-256): 843779db959a9274d0c0225aeda576cde451e8632ae72440d1afe246538df035
Página 1 de un total de 1 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE PRADA QUEIPO ROSA ANA - NIF 10869361K, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.193.847, Fecha de emisión de la firma: 3/12/15 16:37
Código de integridad (alg. SHA-256): 18a7930444881d7d770b54483ba5eb928d6e1a2d937036a0c992b601ea0a45121
Página 1 de un total de 1 página(s), Versión imprimible con información de firma.

C.I.F.: P –1500200 – I

Concello de AMES

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO SEGUNDO.- ADXUDICACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO LOTE Nº 4 DO SUBMINISTRO DE MAQUINARIA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE AMES.

O señor alcalde, informa que a Xunta de Goberno Local en sesión do día 22 de outubro de 2015, con motivo da renuncia de Maquinaria Casalonga SL á adxudicación do Lote nº 4 "Biotrituradora Autonoma," do expediente de licitación de subministro de maquinaria de parques e xardíns, acordou requirir ao seguinte licitador clasificado, Modesto Vázquez S.L., a documentación establecida no artigo 151 do TRLCSP para adxudicarlle o referido subministro.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar, Modesto Vázquez SL, a documentación establecida no artigo 151 do TRLCSP, resulta procedente adxudicar o Lote nº 4 do contrato de Subministro de Maquinaria de Parques e Xardíns do Concello de Ames.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar nas seguintes condicións o Lote nº 4, "Biotrituradora Autonoma" do Subministro de Maquinaria de Parques e Xardíns, a MODESTO VÁZQUEZ S.L., CIF B-15860851, nas seguintes condicións:

Prezo: O prezo do contrato pola súa totalidade para o Lote nº 4 ascende a 14.995 €uros mais o 21% de IVE

Así como no resto das características e condicións establecidas no prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas e na oferta presentada pola empresa licitadora.

Prazo de Subministro: O adxudicatario deberá entregar o subministro no lugar que indique o responsable do contrato. O prazo de entrega da totalidade dos subministros será de 20 días naturais, que empezarán a contar dende a formalización do contrato, tal e como se sinala nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

Prazo de Garantía: O contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de dous (2) anos en pezas e man de obra.

Prazo de Reparación e Asistencia Técnica Oficial: O prazo de reparación e asistencia será de 24 horas.

Segundo.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a tres de decembro de 2015, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925